



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Abril 2019

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Abril 2019


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 5,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,2 puntos superior ao do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,2%, 1,6 puntos máis que no mes anterior.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 4,7% e os Outros servizos o 6,0%.
- O persoal ocupado no sector servizos aumenta en Galicia un 1,9% e en España un 1,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de abril. Galicia é a sexta comunidade con menor crecemento.
- En todas as comunidades crece a ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de abril en Galicia un aumento do 5,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 3,2 puntos superior ao do mes de marzo. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 6,2%, 1,6 puntos máis que no mes anterior.



O *Comercio*, cun crecemento do 4,7%, achega 3,8 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 6,0% e achegan 1,2 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* incrementan a súa cifra de negocios o 6,2%.

O incremento da facturación no *Comercio* ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 6,2% e achega 3,5 puntos á taxa de variación do índice xeral. En senso contrario, a *Venta e reparación de vehículos de motor* reduce a súa facturación, -3,2%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento do 8,1% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* do 2,6%.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 6,0%; os sectores que máis contribúen a este crecemento son: o *Transporte*, que cun incremento do 9,5% achega 0,7 puntos e a *Hostalería* que, cun aumento do 12,0%, achega 0,4 puntos a taxa de variación do índice xeral. Pola contra, *Información e comunicacións* reduce a súa facturación (-4,1%).

En España, os *Outros servizos* aumentan o 6,2%. Todos os sectores rexistran taxas positivas. Os sectores con maiores incrementos son as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (8,3%) e o *Transporte* (6,6%).

Nos catro primeiros meses do ano, a cifra de negocios crece un 6,1% en Galicia e un 5,3% no conxunto do Estado.

O *Comercio* aumenta máis en Galicia (6,1%) que en España (4,7%) mentres que os *Outros servizos* incrementan máis a súa facturación no conxunto de España, 6,5% fronte ao 5,9% en Galicia.

O *Comercio por xunto* (8,8%) e o *Transporte* (8,9%) son os sectores con mellor comportamento en Galicia. Pola contra, a *Venta e reparación de vehículos de motor* e *Información e comunicación* diminúen a súa facturación nos catro primeiros meses do ano, -3,4% e -1,5% respectivamente.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 5,8% no mes de abril.

Os sectores con mellor comportamento son: o *Transporte*, que crece un 11,6% e achega 1,6 puntos e a *Hostalería*, cun incremento do 11,8% co que achega 2,3 puntos. En senso contrario, a facturación en *Información e comunicacións* diminúe un 4,1%.


No que vai de ano, o índice aumenta un 6,1%. O *Transporte* é o sector con mellor comportamento (11,5%) mentres que *Información e comunicacións* é o único sector con taxa negativa, -1,7%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 5,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 4,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de abril en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Os maiores aumentos danse en Andalucía (9,2%) e Extremadura (9,1%). As comunidades con menores crecementos son Canarias (3,5%) e Castilla - La Mancha (3,9%).

Índices de cifra de negocios. Abril 2019

Taxa de variación en %




No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Cantabria (8,7%) e Navarra (7,5%). As taxas máis baixas corresponden a Canarias (2,7%) e Cataluña e Castilla y León (ambas dúas 4,2%).

2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 1,9% respecto ao mes de abril de 2018, unha décima máis que en España (1,8%).



O persoal ocupado aumenta un 2,4% no *Comercio* e un 1,5% nos *Outros servizos*. Todos os sectores rexistran taxas positivas agás *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-0,8%). Os maiores crecementos danse no *Comercio por xunto* (4,9%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (4,6%).

En España, o persoal ocupado aumenta en todos os sectores. Os maiores incrementos rexístranse en *Información e comunicación* (3,4%) e nas *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (2,6%).


No que vai de ano, o persoal ocupado aumentou un 2,3% en Galicia e un 2,0% en España. O maior crecemento da ocupación en Galicia dáse no *Comercio por xunto* (6,4%).

2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de abril con respecto ao mesmo mes do ano 2018. O maior incremento dáse en Illes Balears (4,0%). Castilla y León (0,4%) e Asturias (0,8%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

Índices de persoal ocupado. Abril 2019

Taxas de variación en %



No que vai de ano, os maiores crecementos rexístranse en Illes Balears (3,0%) e Navarra (2,6%) e as taxas máis baixas corresponden a Castilla y León (0,7%) e Canarias (1,0%).

Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos

que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos suministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	127,1	5,0	6,1
Comercio	129,7	4,7	6,1
Venta e reparación de vehículos de motor	102,0	-3,2	-3,4
Comercio por xunto	144,2	6,2	8,8
Comercio ao retalho	102,0	1,8	0,5
Outros servizos	118,9	6,0	5,9
Transporte	117,9	9,5	8,9
Hostalería	109,3	12,0	8,6
Información e comunicacións	106,4	-4,1	-1,5
Actividades profesionais, científicas e técnicas	124,9	4,8	6,8
Actividades administrativas e servizos auxiliares	143,4	1,8	0,6
España			
Xeral	120,6	6,2	5,3
Comercio	120,5	6,2	4,7
Venta e reparación de vehículos de motor	131,3	2,6	1,1
Comercio por xunto	126,4	8,1	6,3
Comercio ao retalho	105,4	3,5	2,6
Outros servizos	120,9	6,2	6,5
Transporte	121,0	6,6	7,1
Hostalería	112,4	6,3	4,7
Información e comunicacións	112,2	3,2	3,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	137,5	8,3	9,3
Actividades administrativas e servizos auxiliares	120,1	6,1	7,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	124,3	5,8	6,1
Comercio	126,8	3,9	5,1
Transporte	137,9	11,6	11,5
Hostalería	112,2	11,8	8,2
Información e comunicacións	108,2	-4,1	-1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	128,7	4,7	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	136,4	0,6	1,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Abril 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	120,6	6,2	5,3
Andalucía	120,5	9,2	7,0
Aragón	114,7	5,0	6,1
Asturias	113,5	5,7	6,2
Balears, Illes	117,4	4,5	4,3
Canarias	115,7	3,5	2,7
Cantabria	124,2	8,3	8,7
Castilla y León	110,2	7,1	4,2
Castilla-La Mancha	117,6	3,9	5,3
Cataluña	116,8	5,1	4,2
Comunitat Valenciana	119,0	6,2	5,2
Extremadura	113,3	9,1	6,4
GALICIA	127,1	5,0	6,1
Madrid	127,4	6,8	5,5
Murcia	118,4	5,3	6,8
Navarra	122,5	8,9	7,5
País Vasco	117,7	5,2	5,0
Rioja, La	123,7	4,4	6,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Abril 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	107,3	1,9	2,3
Comercio	107,6	2,4	2,8
Venta e reparación de vehículos de motor	101,5	2,7	2,6
Comercio por xunto	118,6	4,9	6,4
Comercio ao retalho	102,6	0,7	0,5
Outros servizos	107,1	1,5	2,0
Transporte	105,3	2,4	3,2
Hostalería	104,4	0,2	1,4
Información e comunicacións	108,4	3,9	1,7
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,2	4,6	3,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	110,5	-0,8	0,5
España			
Xeral	108,3	1,8	2,0
Comercio	106,1	1,6	1,5
Venta e reparación de vehículos de motor	107,4	1,9	2,0
Comercio por xunto	109,8	2,5	2,2
Comercio ao retalho	103,5	1,0	1,0
Outros servizos	109,6	1,9	2,2
Transporte	109,5	2,2	2,4
Hostalería	108,7	1,0	1,2
Información e comunicacións	109,9	3,4	3,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	108,0	2,6	2,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	112,0	1,6	2,5

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Abril 2019**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	108,3	1,8	2,0
Andalucía	106,8	2,1	2,1
Aragón	109,6	1,5	2,3
Asturias	104,8	0,8	1,1
Baleares, Illes	116,2	4,0	3,0
Canarias	109,5	1,0	1,0
Cantabria	108,5	1,6	1,3
Castilla y León	104,7	0,4	0,7
Castilla-La Mancha	106,7	1,6	1,1
Cataluña	109,4	2,0	2,0
Comunitat Valenciana	108,0	2,1	2,1
Extremadura	106,5	2,9	2,5
GALICIA	107,3	1,9	2,3
Madrid	108,2	1,6	2,3
Murcia	113,1	1,2	1,2
Navarra	108,9	2,4	2,6
País Vasco	105,5	1,5	1,9
Rioja, La	108,1	2,7	2,2

Fonte: INE